



**PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS  
PARTICULARES QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN  
DA ASISTENCIA NECESARIA PARA A  
ACTUALIZACIÓN DO MAPA DE ESTRATÉGICO  
RUÍDO (MER) DO CONCELLO DA CORUÑA,  
CORRESPONDENTE AO ANO 2015**

**09102015**

# Índice

|                                                     |    |
|-----------------------------------------------------|----|
| 1. Xustificación dos traballos .....                | 3  |
| 2. Obxecto do prego .....                           | 3  |
| 3. Obxectivos do contrato .....                     | 4  |
| 4. Memoria técnica e metodolóxica .....             | 4  |
| 5. Traballos a desenvolver .....                    | 5  |
| 6. Requisitos do adxudicatario .....                | 9  |
| 7. Supervisión municipal.....                       | 9  |
| 8. Relación do supervisor co adxudicatario .....    | 10 |
| 9. Información a disposición do adxudicatario ..... | 10 |
| 10. Propiedade dos traballos.....                   | 11 |
| 11. Confidencialidade dos traballos .....           | 11 |
| 12. Adaptación Normativa .....                      | 13 |
| 13. Prazo de execución dos traballos .....          | 13 |
| 14. Subcontratacións .....                          | 14 |
| 15. Forma de adxudicación do contrato .....         | 14 |
| 16. Forma de Pago .....                             | 15 |
| 17. Orzamento máximo .....                          | 15 |

## 1. Xustificación dos traballos

---

Durante os anos 2005 e 2006 o Concello da Coruña elaborou o seu mapa de ruído co obxecto de coñecer a situación acústica da cidade e poder acometer as medidas necesarias para corrixir os problemas de esta forma de contaminación por medio de diversas actuacións, como as Zonas Acusticamente Saturadas, e incorporar a información obtida nos instrumentos de planeamento para que permitisen ter en conta ese parámetro no deseño do novo modelo de cidade para os próximos anos.

Transcorridos cinco anos desde aquel primeiro mapa de ruído, procedeuse, durante o ano 2011 á actualización do devandito documento para dar cumprimento do trámite obrigatorio que establece o Real Decreto 1513/2005 de 16 de decembro polo que se desenvolve a Lei 37/2003 de 17 de novembro, do ruído, no referente a avaliación e xestión do ruído ambiental, segundo o cal nosa aglomeración ha de enviar o mapa de ruído ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a través do órgano ambiental da Comunidade Autónoma, unha vez aprobado polo concello, previo trámite de exposición pública por un período dun mes.

Co paso doutros cinco anos dende esta última actualización, tendo en conta o carácter quinquenal das mesmas, procede a execución dunha nova revisión para analizar a evolución do vector ruído ao longo dos últimos cinco anos na nosa cidade.

## 2. Obxecto do prego

---

O presente documento ten por obxecto enumerar e concretar as características básicas da asistencia técnica para ACTUALIZACIÓN DO MAPA DE RUÍDO DO CONCELLO DA CORUÑA, CORRESPONDENTE AO ANO 2015, así como describir os traballos para realizar e definir as condicións e criterios técnicos que han de servir de base para a aceptación e recepción dos traballos.

### 3. Obxectivos do contrato

---

Con esta asistencia técnica preténdese continuar con todo o proceso de xestión do ruído ambiental, procedendo á actualización da información relativa ao ruído dos principais focos existentes na cidade.

Os obxectivos primordiais que se pretenden con este proxecto son:

- Actualizar o diagnóstico xeral dos niveis de ruído existentes e futuros e avaliar a súa distribución no termo municipal da Coruña.
- Avaliar a conformidade das fontes de ruído (industrias, comercios, autoestradas, ferrocarrís, espectáculos etc.) cos obxectivos de calidade acústica.
- Obter os índices de poboación afectada polo ruído.
- Actualizar a zonificación acústica, incluíndo todas as figuras de protección fronte ao ruído.

### 4. Memoria técnica e metodolóxica

---

O licitador, partindo da información contida neste prego e a que poida solicitar na fase de licitación, en atención á súa experiencia e cualificación técnica, presentará, para poder optar á adxudicación, unha memoria técnica e metodolóxica completa e detallada onde se especifiquen as características técnicas dos traballos ofertados e se desenvolva o programa mínimo que se comprometa a executar en caso de resultar adxudicatario.

Na devandita memoria figurarán claramente especificados como mínimo os seguintes apartados:

- a. A metodoloxía e programa de traballo para cada unha das fases esixidas no punto 5 deste prego de condicións e, no seu caso, aquelas outras alternativas e/ou melloras que se propoñan por parte dos licitadores para o desenvolvemento dos traballos.
- b. Especificaranse as características dos equipos e demais medios técnicos cos que desenvolverán os traballos en cada fase, con indicación da normativa aplicable e o seu cumprimento.
- c. O organigrama do persoal técnico que, como mínimo, comprométese a dedicar ao desenvolvemento do contrato, con indicación da súa titulación e experiencia.
- d. A capacitación da empresa na realización de traballos similares e as acreditacións de que dispón para a súa realización. Para a xustificación deste apartado incorporárase unha descrición detallada dos proxectos similares realizados.
- e. Achegarase un orzamento detallado e desagregado de cada unha das fases en que se divide o estudo, no que se indicarán os prezos unitarios que se propoñen para cada concepto (traballos de campo, de gabinete, medicións, observacións etc.).

## 5. Traballos a desenvolver

---

Neste apartado descríbense os traballos que, como mínimo, deberá desenvolver o adxudicatario, así como o seu alcance, podéndose presentar propostas alternativas ou melloras respecto do aquí especificado.

**Tarefa 1:** Actualización do mapa estratéxico de ruído aprobado por este concello, de acordo coas esixencias da lexislación vixente e nos formatos esixidos polo Ministerio

de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, seguindo a metodoloxía da anterior versión de 2010.

Dada a natureza dos traballos, realizarase un procedemento simplificado de actualización para que se recollan exclusivamente os cambios existentes na cidade desde a última versión do mapa de ruído, especialmente no concernente a grandes vías de acceso (p. ex. Terceira Rolda) así como zonas urbanizadas de nova creación, peonalizacións, ou novas afeccións de carácter industrial, utilizando para iso a nova cartografía existente coas modificacións que se precisen para realizar a modelización acústica correspondente e a análise e os receptores coa poboación asignada aos mesmos.

En principio non se prevén traballos de campo significativos.

#### **Tarefa 2:** Datos de entrada

- **Tráfico de estradas e ferrocarril:** a empresa adxudicataria encargarse de realizar o tratamento da información, solicitando os datos que precise para a elaboración da actualización aos organismos correspondentes, sen prexuízo de que o concello poida apoiar o desenvolvemento da devandita tarefa.

Entre a información que destaca para estes focos atópanse os datos de IMD e % de vehículos pesados, para o caso das estradas, e as circulacións por tipo de tren en cada período do día (día, tarde e noite), para o caso dos ferrocarrís. Realizarase unha revisión dalgúns parámetros que puideron sufrir alteracións, como as velocidades en cada tramo, os tipos de pavimentos, a evolución horaria do tráfico en estradas ou o tipo de vía, entre outros.

- **Tráfico viario urbano:** Neste caso o Concello facilitará os niveis promedio anuais das estacións de aforamento para que, por parte da adxudicataria asígnense, ao resto das vías da cidade con idéntico criterio que o seguido para a elaboración do mapa de ruído actual para a súa posterior revisión por parte do concello.
- **Industria:** O concello facilitará os niveis de ruído nos puntos que se definan por parte da empresa adxudicataria a fin de que esta poida obter as potencias dos focos de ruído e realizar a posterior modelización das industrias da cidade, en especial aquelas sometidas a Autorización Ambiental Integrada.
- **Aeroporto:** En principio non se considera importante a afección sobre o municipio aínda que se realizará a análise do MER de Aena, a fin de definir a súa relevancia.

### **Tarefa 3:** Realización de cálculos e informe final

A empresa adxudicataria utilizará os datos anteriores para a obtención do escenario de ruído 2015 con todos os mapas de ruído que compoñen o MER así como todos os que se corresponden coa información adicional requirida. Atenderase en todo momento aos formatos de presentación esixidos polo MAGRAMA.

A empresa adxudicataria fornecerá documentación suficiente para os diferentes trámites de información pública e a súa remisión ao MAGRAMA, que polo menos se compoñerá da seguinte documentación:

- Documento resumo para os MER, non inferior a 30 páxinas, cos contidos mínimos esixidos pola lexislación vixente a este tipo de documentos: Obxecto, descrición da aglomeración, autoridade responsable, datos de entrada, metodoloxía, resultados, indicadores de poboación afectada, análise complementaria da exposición ao ruído, programas de loita contra o ruído e resumo do Plan de Acción e conclusións.
- Mapas estratéxicos de ruído, a 4 m. de altura, para os diferentes focos (tráfico viario, ferroviario, industria e global) para os diferentes períodos horarios.
- Informe resumen da información adicional aos MER obtida: Zonificación acústica, resultados dos mapas de fachada en altura para os diferentes focos, mapas de conflito, indicadores de poboación afectada e conclusións e recomendacións.
- Mapas de niveis en fachada, a 4 m. para os diferentes focos de ruído e para os diferentes períodos horarios.
- Mapas a todas as alturas para os diferentes focos de ruído e para os diferentes períodos horarios.
- Os indicadores B8 e ILGR.
- Enchemento da información Excel resumen de resultados e a afección, para facilitar ao MAGRAMA.
- A análise por distrito dos niveis en altura e para o ruído total.
- Revisión da proposta de zonificación acústica

Os resultados facilitaranse en formato SHP e os mapas estratéxicos de ruído en formato PDF (un único pdf por mapa). Igualmente facilitarase o proxecto no formato orixinal do modelo de cálculo utilizado, xunto cun visor do mesmo, en caso de realizarse cun software diferente a Soundplan, xunto cunha versión do mesmo compatible con este último programa. Os informes facilitaranse en formato accesible.

## 6. Requisitos do adxudicatario

---

O adxudicatario deberá designar un delegado que se responsabilizará de organizar a execución do proxecto e de interpretar e poñer en práctica as ordes recibidas da supervisión municipal e propoñer a esta ou colaborar con ela na resolución dos problemas que se expoñan durante a execución dos traballos.

O presente prego de condicións técnicas, inclúe a posta a disposición do Concello da Coruña para o seu cumprimento, de todo o persoal e medios materiais necesarios para a óptima realización, no momento preciso, dos traballos que se contraten.

O Contratista queda obrigado a achegar o equipo e medios auxiliares que sexan precisos para a boa execución nos prazos convidados no contrato. O Contratista non poderá substituír ao persoal aceptado pola administración sen expreso consentimento desta.

## 7. Supervisión municipal

---

O supervisor municipal desempeñará unha función coordinadora e establecerá os criterios e liñas xerais da actuación para seguir pola empresa contratada.

Serán funciónes supervisor municipal, entre outras, as seguintes:

- Esixir a existencia de medios e organización adecuados para o desenvolvemento dos traballos, aceptando ou rexeitando o programa e persoal específico proposto polo Contratista.
- Programar as modificacións que conveñan introducir nos traballos. O Director está facultado para variar o programa de traballo ou para realizar cambios, en

función das circunstancias particulares de cada caso, e sempre que non varíe o orzamento final.

- Dar o visto e prace final ao disposto no obxectivo do contrato.
- Interpretar o prego de prescricións técnicas e demais condicións establecidas no contrato ou noutras disposicións legais.
- Establecer e concretar os criterios ao consultor e supervisar o desenvolvemento dos traballos.
- Preparar a recepción dos traballos e efectuar a liquidación do contrato.

## **8. Relación do supervisor co adxudicatario**

---

O supervisor deberá estar en todo momento perfectamente informado polo representante da empresa do estado dos traballos obxecto do contrato, podendo solicitar información respecto diso tantas veces considéreo oportuno.

O persoal do contratista deberá viaxar á súa costa ás zonas de traballo tantas veces sexa necesario e acudir ás oficinas do Concello da Coruña cando sexa preciso.

## **9. Información a disposición do adxudicatario**

---

O Concello da Coruña poñerá a disposición do adxudicatario a información existente (mapas de ruído de 2006 e 2010 en formato shp, pdf e proxecto Soundplan) para a realización do traballo e apoiará, no caso de que fose necesario, a consecución de información adicional a fornecer por outros organismos públicos ou entidades privadas, facilitando igualmente o contacto coas diferentes áreas implicadas.

O resto de información deberá obtela polos seus propios medios a empresa que resulte adxudicataria.

## **10. Propiedade dos traballos**

---

O Contratista terá a obrigaón de proporcionar ao Concello da Coruña todos os documentos empregados durante a elaboración do traballo, os cales pasarán a ser propiedade municipal, aínda cando o traballo non se efectuou na súa totalidade.

Todos os estudos, documentos, actividades, materiais, publicacións ou outros recursos elaborados na execución do contrato serán propiedade do Concello da Coruña, quen poderá reproducilos, usalos, publicalos e divulgálos total ou parcialmente sen que poida opoñerse a iso o adxudicatario autor dos traballos.

A empresa adxudicataria deberá entregar ao Servizo de Medio Ambiente todo o material elaborado nos soportes dixitais e formatos orixinais da súa execución e na versión ou copias que se soliciten. O adxudicatario, pola súa banda, non poderá facer ningún uso ou divulgación dos traballos elaborados con motivo da execución deste contrato salvo que medie a autorización do órgano de contratación.

## **11. Confidencialidade dos traballos**

---

O adxudicatario quedará expresamente obrigado a realizar os traballos baixo estrita confidencialidade e reserva sobre os documentos e contidos aos que teña acceso para o desenvolvemento dos traballos. Así mesmo o adxudicatario quedará obrigado ao cumprimento da lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal en todo o que sexa de aplicación ao presente contrato, debendo velar polo cumprimento desta normativa en todas as actividades obxecto deste contrato.

No acceso e a gravación de datos polo persoal da empresa contratada, teranse en conta as seguintes consideracións:

- Os datos manexados ou elaborados pola empresa adxudicataria por mor da prestación de (os traballos, servizos, etc.) son propiedade do Concello da

Coruña, sen que a empresa adxudicataria poida utilizalos cun fin distinto ao que figura no presente contrato. O adxudicatario, na realización dos traballos contratados, adecuará as súas actuacións á Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, o Regulamento de Seguridade aprobado por Real Decreto 994/99 que desenvolve a mencionada Lei Orgánica e demais normas de aplicación e á Disposición adicional segunda da Lei 24/2001, de 27 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social.

- O adxudicatario, sexa persoa física ou xurídica, e o persoal ao seu servizo que teña acceso ou realice calquera tratamento cos datos de carácter persoal, terá a consideración de “encargado do tratamento” e o acceso á información necesaria para a realización dos traballos non supoñerá “comunicación de datos”, a efectos do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.
- O acceso e o tratamento dos datos por parte do adxudicatario poderase realizar ben a través de transferencia de documentación e ficheiros dixitais nos formatos e soportes definidos por esta Dirección Xeral, ou mediante a gravación nas bases de datos polo persoal debidamente autorizado e de acordo coas normas de seguridade establecidas en aplicación do regulamento de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal”.
- O adxudicatario encargado do tratamento estará sometido ás seguintes obrigacións con respecto dos datos de carácter persoal:
  - Actuará conforme ás instrucións do director dos traballos e adoptará todas aquelas medidas de índole técnica e organizativa que resulten necesarias para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal, así como para evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizados.

- Non aplicará nin utilizará os datos con fins distintos aos de realización dos traballos obxecto do contrato, nin os comunicará, nin sequer para a súa conservación, a outras persoas.
- Estará obrigado a gardar o segredo profesional respecto dos mesmos, aínda despois de finalizar as súas relacións contractuais.
- Unha vez finalizados os traballos obxecto do contrato, o adxudicatario deberá devolver todos os documentos ou soportes informáticos en que puidese constar algún dato de carácter persoal.
- No caso de que o adxudicatario destine os datos a outra finalidade, comuníqueos ou os utilice incumprindo as estipulacións establecidas no contrato, será considerado responsable do tratamento, respondendo das infraccións en que incorrese persoalmente, previstas na Lei Orgánica 15/1999, 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

En todo caso, o Contratista será responsable dos danos e prexuízos que deriven do incumprimento destas obrigacións.

Devandito incumprimento será considerado como falta grave, e poderá levar aparellada a rescisión do contrato.

## **12. Adaptación Normativa**

---

As condicións deste prego que fan referencia a unha normativa en concreto, adaptaranse a aqueles textos legais que antes ou durante a realización dos traballos poidan aprobarse e que lle afecte de forma significativa.

## **13. Prazo de execución dos traballos**

---

O prazo máximo de execución dos presentes traballos estímase en sete (7) meses.

## 14. Subcontratacións

---

Todos os traballos incluídos neste Prego deberán ser realizados polo propio Contratista ao que se adxudique o estudo. Non se permitirá subcontratar a terceiros a totalidade ou parte dos traballos descritos, sen autorización por escrito do Concello da Coruña. En calquera caso, esta autorización non eximirá ao contratista das responsabilidades de toda índole derivadas do contrato de adxudicación.

Se por conveniencia do programa establecido fose necesaria a participación de especialistas ou a prestación de servizos alleos ao contratista, este procederá á contratación dos mesmos polo tempo necesario.

## 15. Forma de adxudicación do contrato

---

Dada a contía prevista considérase este contrato como menor segundo dispón o Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, polo que a tramitación do expediente de contratación só esixiría a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos.

Non obstante o anterior, dada a natureza do contrato, establécese un procedemento simplificado de adxudicación para a concorrencia de empresas especializadas no que se valore tanto o prezo do contrato como a proposta técnica e as melloras utilizándose para iso os seguintes criterios de adxudicación:

- ✓ Mellor proposta técnica: **40 puntos**. Valorarase a calidade da proposta, o nivel de detalle, a flexibilidade, así como o conxunto dos medios dispostos para o desenvolvemento do proxecto vinculados á capacidade para garantir a máxima calidade.

- ✓ Mellor oferta económica: **60 puntos**, mediante a aplicación dunha fórmula proporcional:

|                                                                                                        |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| $\text{Puntuación da oferta} = \frac{60 \times \text{Oferta máis económica}}{\text{Oferta a valorar}}$ |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------|

A proposta económica (apartado e) do punto 4 do prego) e a proposta técnica (apartados a),b),c),d) do punto 4 do Prego) presentaranse en sobres separados e pechados.

## 16. Forma de Pago

---

Os traballos serán abonados nunha única partida ao finalizar a totalidade dos traballos. Poderanse autorizar pagos fraccionados cando medie a autorización do supervisor municipal, sempre que iso implique a entrega parcial dalgunha das utilidades previstas nesta contratación.

## 17. Orzamento máximo

---

Para a realización destes traballos estímase un orzamento total de 21.000 euros (IVE incluído), existindo crédito adecuado e suficiente na partida 31.172.227.49 do Orzamento Municipal para o ano 2015.

Na Coruña, a 9 de outubro de 2015

**O Xefe de Sección de Calidade Ambiental**

Asdo. Guillermo Leira Nogales